

# A EDUCACIÓN EN VALORES E A SÚA TRANSMISIÓN

---

Pedro Rubal Pardeiro  
Instituto San Rosendo. Mondoñedo

Imos artellar este traballo en catro apartados: "Consideracións preliminares", "Contexto", "Escolma" e "Estratexias para a Transmisión". Con toda a humildade, é o noso desexo prescindirmos das cítas e das informacións especializadas que poída haber ó respecto, para facelo máis persoal e espontáneo, co obxecto de que contén máis as nosas experiencias profesionais cás achegas documentadas, pois traballos de altura poden encontrarse nas revistas da especialidade, e pouca autoridade temos nós para mellorálos.

## 1. CONSIDERACIÓNSEN PRELIMINARES

Queremos resaltar que partimos de tres posturas persoais neste traballo: sinceridade, realismo das experienças profesionais como fontes deste e sentido crítico. Sinceridade, porque é un valor fundamental e mal comezaría sen a súa compañía; realismo das experienças profesionais, porque son o único aval do traballo e, por último, sentido crítico: sen el, a aceptación

indiscriminada de todo faille pouca honra a quen favorece, e ridiculiza o adulador.

Cómpre dicir que, ademais dos contidos conceptuais e procedementais, hai que ter en conta os *valores*, que son ideais orientadores da vida e da conducta; as actividades ou disposicións fundamentadas nos valores e as normas, conductas lexitimadas por eles. Por iso a educación nos valores leva consigo as correspondentes actividades e comportamentos.

E como sempre vivimos nunha determinada situación histórica, sociolóxica, ética, política..., que favorece uns valores e prexudica outros, temos que facer unha referencia ó noso contexto, porque nel está a clave dos valores que deben ser potenciados e das estratexias que van ser utilizadas.

Sen dúbida, os valores, así como as actividades e as normas, están presentes en tódalas áreas do ensino, e xustamente por iso teñen que formar

parte do currículo de tódalas materias, de maneira que os profesores de tódalas áreas estean comprometidos coa súa transmisión, tal como esixe a transversalidade destes contidos.

É tan importante a educación en valores que, sen eles, a vida non tería sentido xa que impregnán tódalas súas dimensións. Neles enraíza a educación para a paz e para a democracia, que implican actitudes pluralistas e globalizadoras, necesarias para desterra-los parcialismos e compromisos con posturas que limitan o ámbito da realización persoal no sentido máis profundo e metafísico.


Outro punto fundamental que debemos ter en conta é que estamos moi lonxe de educar en valores se non logramos que o alumno os interiorice e asuma con convicción, chegue a buscalos por eles mesmos (porque "valen") e non por outra razón. Polo tanto, non educamos en valores se o profesor non os asume con sinceridade e autenticidade, queremos dicir, se non dá exemplo; e da mesma maneira ocorre coas persoas do contorno do alumno.

O menosprezo doutras culturas, coa súa propia escala de valores, as posicións de prepotencia; a mesma competitividade salvaxe que chega a ferir a quien non pode dar máis de si, e os rutinarios anacrónicos, son actitudes pelexadas coa transmisión de valores.

Hai tamén que educar para a tolerancia, de modo que lles permitamos ós alumnos opcións responsables dentro do pluralismo da nosa sociedade, respectando escrupulosamente as crenzas e evitando ridiculizalas. Isto implica o desenvolvemento da identidade persoal, a adquisición da necesaria autonomía e mesmo a aceptación de diferencias. Daquela, é conveniente potencia-la capacidade de autocriticá, para así desterra-la autosuficiencia e os orgullosos e soberbios illamentos, que só poñen ó descuberto egoísmos de todo tipo, sempre inimigos atranadores da transmisión dos valores.

Para suprimitos fanatismos ten que predomina-lo diálogo aberto, cun propósito clarexador, sincero e con intencións socráticas, con vontade de encontrar puntos de coincidencia, sobrepoñéndose ó rutinariismo e más ós estereotipos: a racionalidade debe impregnar todo o proceso de transmisión e defensa dos valores. E sempre, escusamos dicilo, coa liberdade como base: sen ela non ten ningún sentido nin eficacia a educación en valores.

A persoa configúrase en formas de vida, que chamamos modelos, dentro dun sistema que non adoita deixarlle moito espacío libre, acaparado polos fenómenos económicos, sociais, políticos, culturais, etc. E está deste xeito embarcada nunha trama de relacións institucionais e metida en grupos e asociacións dunha ou doutra índole.



Código de Hammurabi Século XVIII a.C Babilonia Este código é o más antigo dos que se conservan escritos. Non cabe dúbida de que os códigos marcan a norma e deles desprédese a conducta humana de cadaquén. Este código de Hammurabi, en escritura cuneiforme, non era moi duro para a época e a cultura na que se estaba a vivir. *Atlas Histórico Universal* El País-Aguilar, 1995

Hai valores de orde biopsíquica, económica, epistémica, estética, ética, relixiosa e sociopolítica; e sempre encontraremos tensións entre eles, sobre todo entre o aceptado como

común e o diferencial, que se agravan en contextos definidos. Pero se os contextos son abertos, xorden os talantes democráticos que permiten suavizar esas tensións.

Partimos tamén dun certo pesimismo con respecto á eficacia da educación en valores. Isto hai que dicilo con sinceridade. Cremos que existe nesta orde de cousas unha hipocrisia soterrada, porque os mesmos poderes que regulan o ensino están permitindo descaradamente actitudes e comportamentos que dificultan seriamente a súa transmisión: os centros de ensino non poden facer moito nun contexto incoherente cos seus obxectivos. Sen embargo, algo hai que facer.

## 2. CONTEXTO

Unha vez feitas estas consideracións -ás que os lectores, sen dúbida, poden poñer moitos reparos, mais é de onde nós partimos-, cómpre dicir algo acerca da nosa situación actual neste eido do saber, porque consideramos necesario coñece-lo terreo que pisamos, como o lugar apropriado para a escolma dos valores que deben ser máis potenciados nos nosos centros de ensino e, así mesmo, as estratexias para a súa transmisión.

Sen pretensión de esgota-lo tema, destacámolo que consideramos máis

relevante para o noso propósito, que non é outro senón sinalar qué valores cómpre transmitir agora ós alumnos e cáles son as estratexias adecuadas.

## 2.1. NO SEU ASPECTO NEGATIVO

2.1.1. Experimentamos fallos na autenticidade de moitos comportamentos, precisamente naqueles que tiñan que brillar pola súa exemplaridade, en especial nas relacións interpersonais, institucionais e no campo da solidariedade cos semellantes.

2.1.2. Nalgúnsas decisións institucionais prevalecen os valores que podemos chamar “adheridos” sobre os fundamentais. Explicámonos: tense, por exemplo, máis en conta os impactos e custos políticos á hora de tomar decisións cós efectos que, xustamente, esperaba o pobo delas. Así, quedan valores sen a tutela correspondente, co que isto ten de negativo e desgarrador; e, sen pensar nas institucións puras, témo-la sensación de que isto sucede con demasiada frecuencia.

2.1.3. Segundo neste ámbito das institucións, podemos afirmar que pasan, no exercicio das súas obrigas, de posturas verdadeiramente débiles a outras prepotentes e afogadoras: ceden ás fortes presións e á vez oprimen os menos apoiaos, cunha morea de regras, esquemas, deseños, organigramas, circulares, etc., ata o extremo de poñer importantes límites ás iniciati-

vas que, por outra parte, veñen recoñecidas (para máis inri) en disposicións de rango superior. E isto está a incidir con desusada frecuencia na boa marcha, por exemplo, dos centros docentes, e dificulta o proceso de transmisión dos valores ó alumnado polo seu impacto negativo. Máis aínda: xéranse tensións pouco edificantes no seo da comunidade escolar.

2.1.4. Hai hábitos culturais do pasado que, por anacrónicos, dificultan ás veces a operatividade dos valores, so pretexto de que as sagradas tradicións están ameazadas. Poñemos un exemplo: transmitir como un valor epistémico as teorías evolucionistas, por moitísima prudencia que se puxera, chocaba frontalmente cos dogmatismos e ideoloxías, en nome das cales se sacaban as cousas dos seus gonzos.

2.1.5. Experiméntase tamén un certo apaixonado reduccionismo entre os distintos saberes: cadaquén pon os valores da súa área de coñecemento no pico da escala, dificultando así a coordinación destes con criterios estrictamente obxectivos, en función das necesidades axioloxicamente prioritarias da sociedade actual. Un bo exemplo pode ser-lo dos problemas que hoxe xorden nas relacións entre a enxeñería xenética e a bioética. Hai, por suposto, outros exemplos tamén preocupantes. Por iso habería que pensar na posibilidade dunha “razón soberana” que fose quen de imponer orde entre tódalas

outras. En todo caso, calquera que sexa o que pense o lector a este respecto, o que nos parece indubidable é a negatividade deste envurullo á hora de transmitir valores, aconsellar actividades e respectar normas.

2.1.6. Na nosa sociedade fructifican os actos encamiñados á privación do humano, experimentándose cada día máis insensibilidade para os valores que o constitúen. É o caso dos homicidios, adulterios, cobizas, fraudes, envejas, arroutadas, etc. En consecuencia, non é desprezable a potenciación que se esta a facer das accións correspondentes ós contravalores desta esfera: coaccións, ataduras sutís, escravitudes soterradas, ataques solapados á liberdade (“se non es dos nosos non se che permitirá isto ou aquilo”), etc.

2.1.7. Os valores económicos pechan o paso ós outros: ós epistémicos (non interesa a verdade se produce un impacto económico non desexado); ós estéticos (ante as grandes constructoras e especuladoras, derrúbanse monumentos de valor histórico e belezas naturais); ós éticos (todo vale se leva á fin); ós relixiosos (se hai diñeiro celébranse liturxias), e ós sociopolíticos (promóvese para o poder a quen pode servilos intereses económicos).

2.1.8. Non sempre aparellos máis sofisticados están ó servicio do home. Son moitos os casos en que favorecen a adicción a estes, como por exemplo a

televisión, os ordenadores, os coches, o teléfono móvil, calculadoras, máquinas comechartos, etc., que prexudican o exercicio doutras facultades do home, necesarias para o seu desenvolvemento integral. E non se interprete isto como unha oposición ó uso adecuado destes trebello; só queremos chama-la atención sobre o seu uso innecesario e abusivo.

2.1.9. Hai un esaxerado “presentismo”: conta o presente. O pasado e o futuro marxinámolos, trivializámolos. E vivir só no presente impide buscarlle sentido á nosa vida, que é lineal, non puntual; en consecuencia, sen el perdémo-lo noso norte e seguímo-lo que nos imponen. Isto sucede en sectores da nosa sociedade que dunha maneira especial teñen que ver coa xuventude, como a familia. Tamén nos centros docentes se respira bastante esta maneira de entende-la vida.

2.1.10. É xa tópico dicir que nos interesa máis o “ter” có “ser”. Pero, desgraciadamente, por iso non é menos certo. Ter, primeiro de nada; e logo, o paso seguinte é “aparentar”. Interesa mante-las formas, con independencia dos seus contidos, que deixamos esvaecer naquelas. E, a berros (para que todos se decaten), defendemos valores nos que non cremos, se esta actitude nos carrexa beneficios. Como xa dixemos máis arriba, a hipocrisia e a falta de autenticidade andan ceibas no noso mundo: hai esposos que non se aman

pero aparentan facelo, para desconsolo dos seus fillos; hai estudiantes que non pisan as aulas en todo o curso, pero fan espaventos coas obrigas dos mestres e o mal que funcionan os centros; hai políticos que berregan e denuncian publicamente os comportamentos dos adversarios (¿inimigos?) e logo baixan polo mesmo camiño, con olímpico desprezo dos cidadáns. ¡Todo aparenzia, todo mentira, todo fraude, todo inautenticidade, todo insinceridade, todo engano...!

2.1.11. Encontrámonos tamén cunha especie de "argucia apoloxética": defendémo-lo que nos vai ben para os nosos intereses; corrémo-la engrada para o noso muíño (¡porque, dicímos, sempre foi así!), poñendo en perigo a solidariedade. Aquí ancoramos no eido da fraude á linguaxe: nin dicímo-lo que pensamos, nin pensámo-lo que dicimos. A lingua é un instrumento ó servizo dos intereses particulares, non un medio de expresión e comunicación sincera e auténtica. Por iso podemos mutilala e retorcela para que sirva ós nosos propósitos. Desta maneira fomos perdendo a paixón pola verdade, e cadaquén fai a hermenéutica que mellor lle convén. A verdade, que por natureza ten bastante relatividade, áinda a relativizamos máis para que sirva ós nosos intereses; cada un de nós leva tantas verdades no seu maxín coma situacións se lle poidan presentar: o luns é verdade unha cousa; o martes, xa non; pero os que entenderon mal foron sem-

pre os outros. E como a verdade se identifica coa vida, encontrámonos con moitas vidas falsificadas.

2.1.12. Por outra banda, a trama do poder está regulada, pero a hermenéutica das circunstancias non favorece, moitas veces, nin ó indixente nin ó que non acertou ideoloxicamente. E aquilo que estaba chamado a ser un instrumento para garantí-la igualdade de oportunidades, convértese no medio máis adecuado para o privilexiado. E dicir que isto é un atranco importante para a transmisión de valores é, sen dúbida, repetirse; pero, como din os nosos paisanos, os feitos son a mellor testemuña.

2.1.13. Polo que respecta ós centros docentes, vemos moi difícil a coordinación cunha mínima coherencia dos distintos tipos de valores -nas diferentes etapas e niveís educativos-, desde as diversas áreas, porque o acordo nunha xerarquía de valores é pouco probable. E se non se ordenan os valores, o barullo está servido. Aquí o profesorado ten que derruba-las barreiras da individualidade en prol dun alumnado sempre sensible ás desavíanzas entre os ensinantes.

2.1.14. Os medios de comunicación exercen unha influencia fascinante sobre os alumnos e os cidadáns en xeral. Pero son aqueles os más receptivos ás informacíons solapadas e ás mensaxes subliminais. Non é necesa-

rio dicir que neste campo hai unha sensación de impotencia e, a miúdo, estamos desbordados e con moi poucos recursos que nos permitan neutralizar-los os efectos negativos.

2.1.15. Tamén observamos unha progresiva perda de entusiasmo para o traballo, que nos centros de ensino se traduce en importante perda dos niveis de preparación. Hai un desánimo bastante xeneralizado por mor das escasas perspectivas de emprego, que ameaza á xuventude. En cambio aumentan, como consecuencia, a vórtixe e maila exaltación orxiástica.

## 2.2. NO SEU ASPECTO POSITIVO

Quixera non ser xulgado polo que parece unha visión pesimista da nosa realidade social. Pensamos que as feridas só cicatrizan descubrindoas e limpándoas. Pero hai tamén partes no corpo social que están sas e que debemos ter en conta. Se non fose así, o labor educativo sería imposible ou, polo menos, difícil. Cómpre agora, pois, sinalar algúns fenómenos positivos da nosa sociedade e sobre eles, sen deixar deollar para os negativos, podemos traballar cun certo grao de esperanza, sen prexuízo do pesimismo que apuntamos antes, que debe servir para evitar actitudes demasiado optimistas e triunfalistas, ó que nos ten moi acostumados a Administración, con estatísticas e interpretacións que non describen a realidade, máis ben disfrázana.

Consideraremos como positivo na sociedade o seguinte:

2.2.1. Determinadas actitudes e comportamentos da nosa xuventude (xenerosidade, solidariedade, espírito de entrega para o que eles consideran valioso) son moi esperanzadores. Se non, ¿que nos dín os "verdes", os "ecoloxistas", os do "cero sete por cento", os "médicos sen fronteiras" e un longo etcétera?

2.2.2. Hai un fondo de tolerancia nas novas xeracións e un gran respecto por outras culturas, outras maneiras de pensar e de xulgar ó semellante, calquera que sexa a súa situación socioeconómica, que xeran contextos abertos de convivencia.

2.2.3. As conductas que adoitan seguir os nosos rapaces ante as armas e os conflictos bélicos e mailos exterminios de razas son, sen o dubidar, sumamente positivas: manifestacións, obxeción de conciencia, recollida de recursos para as zonas danadas polas guerras ou outras desgracias, etc.

2.2.4. Valóranse moito entre as novas xeracións as relacións de amizade, ata o extremo de antepoñer, ás veces, os intereses familiares, os dos amigos.

2.2.5. Hai institucións que funcionan ben e desempeñan as súas obrigas con honestidade e co sacrificio do persoal ó seu servicio. Son un modelo de como deberían actuar outras. E tam-

pouco tódalas decisións que delas xorden son inxustas e descomprometidas coa equidade: hainas exemplarmente obxectivas, que contribúen á transmisión dos valores.

2.2.6. Institucións que se mantiñan ancoradas no pasado están a facer un grande esforzo de readaptación e de comprensión dos problemas do presente, sobre todo por parte dos sectores máis intelixentes e progresistas, que facilitan o axustamento axiolóxico ás condicións actuais e colaboran positivamente na transmisión dos valores.

2.2.7. Nas distintas áreas do saber existe hoxe unha meirande permeabilidade. Empeza a observarse un respecto polos contidos e métodos entre os diferentes saberes: físicos de gran prestixio fan uso da razón filosófica e, incluso, teolóxica; médicos e psiquiatras estenden a súa formación ó campo das humanidades, para teren unha comprensión íntegra e unificada do home. Tamén os saberes estrictamente especulativos toman moi en conta os experimentais. Pero todo isto é aínda un comezo.

2.2.8. Así mesmo, atopámonos coa humildade, co cariño, co aprecio, coa cordialidade, coa sinceridade..., que son bo caldo de cultivo para que o proceso escolar de transmisión de valores dea froitos.

2.2.9. Os trebellos ós que fixemos referencia antes son usados tamén para

curar perigosas doenças, poñer ó alcance de todos o patrimonio cultural, viaxar con rapidez, socorrer necesidades immediatas e afastadas, facer moito máis levadeiro o traballo material e especialmente duro, aproveitar mellor as horas de lecer, etc.

2.2.10. O pasado segue interesando a moitos, e non son tampouco menos os que teñen unha visión clara do futuro que desexan. As persoas que levan unha vida exemplar, austera, realista e con respecto a todo o pasado e entusiasmo polo futuro, aínda contan na nosa sociedade, por marxinadas e acantoadas que estean polos máis. ¡Segue pagando a pena o exercicio destes valores, inda que non sexan os de moda!

2.2.11. Non toda a política está emporcada. Sería inxusto meter a tó dolos políticos no mesmo saco, dunha ou doutra ideoloxía (¿hai ideoloxías?). O que ocorre é que os medios de comunicación ocupan os espacios falando do negativo, que engancha máis, e poñen menos interese nos aspectos positivos e no bo facer de moitas xentes.

2.2.12. Por último, non en todo foron mellores os tempos pasados. E, se non, ¿cando houbo tanta xente con posibilidades de ter coche de seu, electrodomésticos, servicios para a hixiene persoal, de saúde, de atención ós discapacitados, etc.? ¿Cando tivo ocasión de prepararse en tódolos niveis a cantidade de xente que o fai hoxe en día?

Daquela, queda aínda un oco para a esperanza. O que cómpre agora é face-la escolma dos valores que non podemos deixar de lado neste momento histórico da nosa sociedade, tendo en conta o contexto que levamos esbozado.

### 3. ESCOLMA

Escolmar uns valores entre outros non pode entenderse como exclusión destes, porque educar en valores é educar en todos; pero hai valores que deben ser considerados, nun momento histórico dunha sociedade, como valores que deben potenciarse para aproveita-lo entusiasmo positivo e contrarresta-los brotes de negatividade antes referidos (2.1.). Nós pensamos que deben fomentarse os seguintes:

3.1. En primeiro lugar, temos que **educar en liberdade e para a liberdade**, porque esta é a condición necesaria e suficiente dos valores, como igualmente os valores o son da liberdade: así, bicondicionalmente. É tal a categoría axiolóxica da liberdade que sen ela non pode haber creación dos valores e mesmo dos antivalores. Os valores non nacen por xeración espontánea nin se reproducen coma as plantas e os animais: son froito da liberdade e por iso nin van máis aló do que nós queremos nin se poden xerar sen liberdade. Pero educar na liberdade leva consigo **educar na responsabilidade** e, por conseguinte, racionaliza-lo uso da liberdade.

de implica modera-los efectos da propia responsabilidade e, asemade, adquirir un compromiso coa creación de valores escollidos e xerarquizados.

3.2. Outro valor básico e fundamental é a **verdade**; sen ela poñense en perigo a autenticidade, a sinceridade, a necesaria confianza nas relacións inter persoais, o que é xusto e inxusto, o correcto...; sen ela a vida carece de sentido, e o dominio da natureza como medio para a nosa realización persoal sería unha pantasma. A verdade é a esencia da vida; quen prescinde dela acabará cegado polas falsas luces do escepticismo ou dun dogmatismo paralizante do progreso. A verdade ten o seu sitio no medio dun e doutro.

3.3. Sen verdade tampouco pode haber **autenticidade**, un valor que arrastra á confianza e á mutua simpatía entre as persoas e, coa **sinceridade**, desterra a hipocrisia das relacións persoais. Pero ser auténtico e non enganar son comportamentos que pasan necesariamente por unha rigorosa autocrítica. Os profesores deberían vixiar moito más a presencia destes valores entre os seus alumnos, poñéndolles de relevo as consecuencias que xorden da inauténticidade e da insinceridade, que son os contravalores correspondentes.

3.1. **Educar para a saúde e para o respeito á vida propia e allea.** Son valores que non poden descoidarse nesta época porque están con demasiada fre-

cuencia postos en perigo por mor de busca-lo pracer e a evasión á costa da saúde, e a familiarización cun falso concepto desta: pensar que sempre que nos sentimos ben estamos sans, a pesar da desorde na que se vive (alcol, outras drogas, noites sen descanso, anorexias voluntariamente adquiridas, etc.). Pero aquí, coma sempre, as apariencias adoitan enganar. Por outra parte, ningúen ten dereito a se maltratar desa maneira se repercute nas xentes e na sociedade en xeral, tanto á hora de contar sacrificios coma cartos. Pensemós, pois, nas vidas e familias que desfaí o alcolismo, a droga, a Sida, e outros fenómenos sociais nocivos e, por desgracia, moi propios desta época. E así, como a liberdade de un termina onde empeza a do outro, da mesma maneira a saúde de un debe prolongarse, no que del dependa, ata a procura da saúde dos outros. Tam pouco poden aquí quedar marxinados os valores da **sexualidade** porque é ben sabido de todos que o uso incontrolado do sexo arrastra consigo consecuencias moi serias para a saúde física e psíquica.

3.5. Engarzado co anterior está o **respecto á natureza** en xeral, xa que o home vive dela e nela (oxíxeno, auga, toda clase de alimentos, materias primas, etc.) e goza das súas belezas, bens que son pertenza de toda a humanidade. Por iso, cando antepoñémo-los intereses económicos ós ecolóxicos e ambientais, estamos convertendo uns valores lexítimos como os económicos

en verdadeiros antívalores: aquí témo-la importancia de poñerse de acordo nunha escala xerárquica. Non deberíamos, polo tanto, poñer en perigo ese ben común, entendido, coma outros, como aquela situación na que o home, todo home, ten o seu propio e particular ben privado. Para iso cómpre desterrar toda clase de egoísmos, evitando que os intereses xerais queden subordinados ós dunha persoa en situación de privilexio.

3.6. Hai tamén que **educar para a igualdade**, entendida non tanto no sentido de riqueza ou ingresos coma no de **igualdade de oportunidades**. En todo caso, o ser humano ten dereito ós alimentos, a unha vivenda digna, ó vestido, á sanidade, á instrucción e ós instrumentos adecuados para o seu traballo, polo menos moralmente falando. Por iso hai que arranxar solidariamente os medios suficientes para que calquera persoa que o deseñe poida desenvolve-la súa integridade física e espiritual: o terceiro mundo (¡a expresión non nos gusta nada!) é unha vergoña para a humanidade, é un exemplo ben triste e evidente da hipocrisia e da insolidariedade, que antes ou despois ha pasa-lo recibo.

3.7. En consecuencia, debemos educar, no noso contexto, para a **austeridade** que, ben entendida, nunca será un freo para o desenvolvemento económico senón na medida xusta e necesaria para que os valores da **solidariedade**

**dade e a fraternidade** reínen entre os membros do xénero humano, e a **xustiza** non sexa un valor privado duns poucos. Pensamos que as feridas da solidariedade, da inxustiza, dos privilexiados, ben valen un esforzo para sensibiliza-la xente nova nestes problemas. E certamente non é moi difícil, porque estan máis sensibilizados xa do que o estamos nós.

3.8. Situa-los saberes no lugar que lles corresponde esixe un grao de **modestia**, de **boa vontade**, de **criterios obxectivos claros e abertos** a toda proba. Porque, se como dixemos máis arriba, é absolutamente necesario establecer unha escala de valores, debemos estar dispostos a que os do noso saber ocupen o lugar que racionalmente lles corresponda, desapaixonadamente. O contrario sería un exercicio de incualificable irresponsabilidade e un mal exemplo para o alumnado. Desgraciadamente, en moitos casos, as preferencias administrativas, traducidas en estrañas legalidades, implícita ou explicitamente establecen unha orde definida por intereses alleos ós axiolóxicos, limitando o tempo a saberes esenciais para a formación integral da persoa. E por iso, noutro lugar, falabamos da “hipocrisia soterrada”.

3.9. O respecto ó pasado é froito da **humildade** con que debemos axuizá-lo presente; e o esforzo por mellora-lo futuro nace da **solidariedade coas xeracións vindeiras**. Deste modo, educan-

do no aprezo ó pasado e na entrega ó futuro, evitarémo-lo “presentismo”, ó que fixemos referencia noutro lugar (2.1.9.). A autosuficiencia é, neste caso, un contravalor, polo que implica de desagradecemento coas xeracións doutros tempos e polo descoñecemento de que nada do presente sería posible sen o pasado. O descompromiso co futuro afecta na súa propia esencia a nosa vida, porque entón non tería sentido ningún.

3.10. **Educar no conflicto e para a paz** non é unha contradicción e cómpre facelo, porque a paz é tamén un valor fundamental para xerar ámbitos de convivencia e tranquilidade que nos permitan o exercicio doutros valores necesarios para a nosa integridade persoal. Pero o conflicto forma parte da natureza da sociedade. O que hai que evitar é a violencia, que é outra cousa. Así, aprender a resolve-los conflictos na nosa sociedade, sen violencias nin máis armas que o logos, é un ideal difícil pero alcanzable.

3.11. O **traballo** é outro valor tan importante que houbo ideoloxías que o consideraron como definidor da esencialidade do home. Mentaliza-los alumnos disto é un saudable exercicio contra da preguiza e as irresponsabilidades de quen engaña a xuventude cos paraísos da “ciencia infusa”, da formación sen esforzos, da compatibilidade do estudio coas exaltacións e as vértices orxiásticas, e outras lerias polo

estilo: todo iso que soa moi ben e causa moitos estragos.

3.12. Tendo en conta que a práctica da tolerancia é un bo método para asegura-la estabilidade social, debemos **educar tamén na tolerancia e para a tolerancia**, que non se debe confundir, sen dúbida, co *pasotismo*, froito da inmadurez persoal e da preguiza. Para educar neste eido hai que supera-los fanatismos co exercicio da propia racionalidade, comprensiva cos outros e esixente con un mesmo e coa lealdade rigorosa ós principios e normas que regulan a convivencia pacífica nunha sociedade. Mal exemplo de tolerancia é querer impoñe-las opinións propias pola força ou pola xerarquía; non atende-las razóns doutros; discrimina-los que non pensan coma nós, etc. Neste campo teñen unha significación especial as actitudes relixiosas, en dous sentidos: cando non son respectuosas con outros credos, e tamén cando non son respectadas por persoas que non as comparten. Por iso, os **valores relixiosos** deben ser ensinados por aqueles que os comparten. Pero pensamos que quen pertence a unha comunidade relixiosa ten que coñecer esos valores, sen complexos, e ten que busca-la maneira de coordinalos con outros, formando a súa propia escala xerárquica. Tamén consideramos que as confesións relixiosas que teñen dogmas incompatibles co desenvolvemento integral da persoa, e que poden poñer en perigo valores tan importantes como a

saúde, a verdade, a autenticidade, a solidariedade, a sinceridade, etc., deben ser rexeitadas nos seus principios.

3.13. **Educar para participar nunha forma democrática de vida** é certamente unha tarefa difícil e súmase ás razóns dese pesimismo que apuntamos noutro lugar, porque a realidade social na que estamos “enrolados” non axuda a pór en práctica plenamente os valores democráticos (desgraciadamente temos exemplos de actitudes dictatoriais no seo do sistema democrático, que para moitos non son máis que un medio de alcanza-lo poder). En todo caso, hai sempre a posibilidade de convence-los alumnos de algo que tamén é verdade: que o respecto ós poderes lexitimamente adquiridos é compatible coas discrepancias e coa crítica ás súas decisións, e tamén unha maneira de poñer en exercicio os **valores xurídicos**.

3.14. Por último, un lugar especial ocupan os **valores estéticos**, entre outras moitas razóns por unha de rabiosa actualidade: a necesidade de racionaliza-la ocupación do tempo de ocio, no que están chamados a ocupar un lugar fundamentalísimo.

#### 4. ESTRATEGIAS PARA A SÚA TRANSMISIÓN

Entendemos por estrategias o conxunto de regras, orientacións e maneiras de facer e actuar para conseguir uns obxectivos. Neste caso, lograr

## EL SEÑOR MUNDO MARISCAL



Ilustración de Mariscal para *El País Semanal*, nº 1065, 23-II-97

Educar na tolerancia e para a tolerancia implica o respecto polas outras culturas e maneiras de pensar

que os alumnos acepten e asuman os valores en xeral, e especialmente os que sinalamos no apartado 3.

As estratexias que imos expoñer son simplemente indicativas e, xa que logo, abertas a todo tipo de críticas e rectificacións, pero, polo de agora, son as que a nosa experiencia profesional nos aconsellou, partindo, iso si, de que os profesores as utilicen crendo na posibilidade de transmitir valores ós alumnos e na capacidade destes para recibilos e actuar consecuentemente; é dicir, partimos da nosa confianza no entusiasmo do profesor e na posible transformación do alumno. Se non fose así, estariamos condenados ó fracaso.

Para empezar, pensamos que hai que distinguir entre transmisión implícita e explícita. A primeira non é regulada nin proxectada. Está operán-

dose decote no seo do proceso de socialización, na familia, nos grupos, nas asociacións, etc., e, sen dúbida, é a mellor forma de os transmitir, se ben existe o risco da falta de selectividade, podendo caer no erro de transmitir verdadeiros contravalores; dito doutro xeito, na transmisión implícita entran tamén de rolda os antivalores. Por iso, cando falabamos dos "aspectos negativos do contexto", estabamos falando da posibilidade de que eles substituiran os "positivos", por impacto das mensaxes subliminais e incontroladas. Aquí, os malos exemplos xogan un papel esencial, porque... ¿que está transmitindo ós seus fillos o pai que lles predica a honestade e mentres cela comenta como enganou habilidamente o cliente ou o veciño?, ¿que está transmitindo o que predica a austерidade, o traballo e a responsabilidade, e pasa o día gastando os cartos en alcolizarse ou xogar?

Nós aquí referirémonos á **transmisión explícita**, pero tendo sempre moi presente que se a outra non axuda, non é positiva, está chamada ó fracaso e, no mellor dos supostos, a vencer moitos atrancos. Dito isto, pasamos a sinalar algunas estratexias:


4.1. A primeira debería se-la reunión dos profesores para accordaren os valores que van transmitir, porque non ocorra que co disfrazce da pluralidade acaben contradicíndose e desconcertando o alumno. Aquí non hai que confundi-la pluralidade coa incoherencia. Mesmo eticamente é absolutamente necesario aceptar uns valores mínimos. Sen embargo, aínda que sempre aparecen moitas dificultades para acadar un acordo, as coincidencias son máis amplas do que pensamos, porque... ¿quen non aceptaría a defensa da democracia, da tolerancia, da honestidade, da verdade, da solidariedade...? Pero nesta estratexia adoita xurdir un grave inconveniente: o choque das distintas ideoloxías. Pois ben, hai que transcendelas e situarse nun nivel superior, tendo en conta que antes está a persoa ca aquellas, que son instrumentos ó servicio desta; e que, a maioría das veces, queremos ir ó mesmo sitio, aínda que non nos poñemos de acordo no vehículo que debe utilizarse: discrepamos nos medios e coincidimos nos fins. Un pouco de esforzo, boa vontade e un arranxo bo de intelixencia poden salva-las diferencias. O que sempre convén evitar é a crítica

lixeira e as insinuacións solapadas duns respecto ós outros por razóns meramente ideolóxicas porque, se non somos cautelosos, estamos poñendo en perigo a eficacia da transmisión de valores. Tamén hai que pór en claro que tódolos departamentos teñan esa obliga, aínda que haxa algúns que deban enfrentarse a un maior contido deles.

4.2. O paso seguinte debería ser solicitar dos alumnos, por grupos ou por cursos, preguntas relativas ás súas preocupacións e intereses. Unha vez recibidas esas preguntas, os profesores de grupo ou curso, segundo os casos, teñen que reunirse para concorda-las respostas, matizando algunas diferencias insalvables que poidan presentarse, pero sempre dando cumprida razón de todo. A reunión, de novo, cos alumnos é consecuencia do anterior.

4.3. Outra estratexia consiste en que os profesores, tamén de acordo, pasen unha enquisa ós alumnos para medi-lo grao de receptividade destes ás contestacións cos correspondentes razonamentos, e para avaliá-la comprensión dos contidos e ata onde foron asumidos. A enquisa debe estar preparada *ex profeso* para que reflicta os resultados esperados.

4.4. Estes traballos en común serven tamén para apoiar todas aquelas iniciativas do alumnado que supoñen un exercicio dos valores, como, por exemplo, a recollida de fondos para o



*Que no se ha de haver mal a ninguno con  
palabra ni con obra*

El freno lleva en la siniestra mano  
Y en la otra el cobdo siniestro sostiene  
La vengadora de echo o dicho insano,  
Némesis, que en justicia al mundo  
[tiene.

Y vieda al injurioso estar ufano,  
Siguiendo sus pisadas, do proviene  
Por causa de esta justa medianía  
Ni mal hazer, ni hablar descortesía.

terceiro mundo (¡o terceiro mundo! ¿En que sentido é primeiro o noso?); manifestacións a prol da paz; apoio a compañeiros necesitados; campañas contra a Sida; apoio ós actos de carácter ecoloxista, etc.

4.5. A visita a museos e monumentos con valor artístico; a asistencia a sesiones e concertos musicais, previamente estudiados e programados; a representación de obras teatrais; os traballo sobre textos e obras literarias, filosóficas ou de carácter científico, porque axudan á sensibilización para a beleza, o pensamento ético e metafísico e a verdade científica, respectivamente.

4.6. Os valores ecológicos poden ser transmitidos con eficacia en periódicas e preparadas excursións á natureza, chamando a atención do alumnado para que goce das paisaxes e doutras bellezas do noso contorno. Para lograren resultados satisfactorios os profesores, teñen eles mesmos que sentir ese pracer, o da contemplación da natureza, e a curiosidade científica pola flora e fauna, da que teñen que facer partícipes ós seus alumnos. E non se pode ir ó campo só para pasar un día de lecer: sen dúbida a función do profesor nas excursións é fundamental e esgotadora para el.

4.7. Utilizar artigos dos xornais e gravacións da radio e da televisión que describan por escrito, oral ou visual-

mente escenas de guerras, miserias humanas, exterminios, devastacións, etc., para esperta-las conciencias dos alumnos e poder informalos da verdadeira realidade dos acontecementos, parécenos unha boa estratexia para potenciar e exercitar aqueles valores que a mensaxe estea presentando como esmagados. O exercicio da crítica ten unha boa ocasión neste eido.

4.8. Pensamos que sería moi necesario fazer visitas a centros de asistencia de anciáns e diminuídos psíquicos ou incapacitados fisicamente, tamén a centros de saúde, para que o alumno capte *in situ* o grao de sufrimento das xentes. Deste modo terán máis respecto pola saúde propia e allea, intensificarán a solidariedade cos semellantes e o espírito de colaboración. Esta estratexia, sen embargo, ten un importante inconveniente: a imposibilidade de visitar eses centros masivamente; pero poderían elixirse unha especie de animadores da saúde, uns poucos e ben dotados para esta función, que serían os das visitas e que se encargarían de transmitir-las impresións ós seus compañeiros, en reunións presididas por profesores.

4.9. Potencia-lo diálogo para a solución dos conflictos que xurdan no centro é, certamente, unha boa maneira de fomenta-la paz e de educar en democracia; vixia-lo exercicio da tolerancia entre o alumnado e na mesma comunidade escolar, pode dar resulta-

dos moi positivos, sobre todo cando funciona a autocrítica para corrixir con sinceridade as actitudes propias da intolerancia.

Como deixamos dito, estas estrategias son indicativas, pois cremos no valor daquilo que se dicía nas pedagogías de tempos pasados: “cada maestri-

llo tiene su librillo”, e aquí hai que entender “maestrillo” por centro. Sen embargo, o que non podemos é transmitir valores “a bragas enxoitas”: hai que se comprometer, traballar, entusiasmarse e non perde-la paciencia, se non queremos converte-la educación en valores nunha pantasma ou, no mellor dos casos, nunha “maría”.

